

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, OS CONCELLOS DE PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO E A "UTE XG-814", "UTE XG-817" e "UTE XG-860", PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO PILOTO DE TRANSPORTE PÚBLICO OPTIMIZADO EN 3 MUNICIPIOS RETO DEMOGRÁFICO (PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO) DENTRO DO PROXECTO "+ MOBE: MOBILIDADE RURAL, SOSTIBLE E INCLUSIVA EN PONTEVEDRA".

Reunidos:

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da dita consellería, segundo designación efectuada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia (publicado no Diario Oficial de Galicia número 73, do 14 de abril de 2024).

Don Luís López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, no nome e representación da deputación.

Don Ricardo Martínez Chantada, alcalde do Concello de Portas, no nome e representación do indicado concello.

Don José Luís Gómez Fontenla, alcalde do Concello de Moraña, no nome e representación do indicado concello.

Don Carlos Costa Domínguez, alcalde do Concello de Campo Lameiro, no nome e representación do indicado concello.

Don Aurelio Cuiña Souto, actuando en nome e representación de UTE Benito Abalo, S.L.; Empresa Pereira S.L.U.; Exprés de Tabeirós, S.L.U.; Transportes José Núñez Barros, S.A.U. e Autocares Rías Baixas, S.L., (abreviadamente, UTE XG-814) con NIF U01870971, con base en Lugar da Igrexa, núm. 37, Salcedo, 36143, Pontevedra.

Don Raúl José López López, actuando en nome e representación de La unión temporal Castromil, S.A., Empresa Monforte, S.A.U., Gómez de Castro, S.A., Transportes La Unión, S.A., Eleuterio López y Cía, S.L., Rías Altas, S.A., Autos Arcade, S.L., Auto Industrial, S.A., La Hispano Igualadina, S.L., Monbus Larga Distancia, S.L.U., Autocares Rías Baixas, S.L., Empresa Sanchez, S.L.U.



Interurbana de Autocares, S.A.U. y Compostelana, S.A.U., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de Mayo (abreviadamente UTE XG-817), con NIF U02740652, con base en Calle Cotón de Arriba, núm. 2, Polígono Louzaneta, 27297, Lugo.

Don Raul José López López, actuando en nome e representación de UTE Empresa Viuda J. Domínguez, S.L.; Transportes La Unión, S.A.; Autos Arcade, S.L.; Castromil, S.A.; Autobuses de Pontevedra, S.A.; Galega de Autocares Gala, S.L.; Autocares Rías Baixas, S.L.; Autocares Meijide, S.L; Autocares Lázara, S.A.; Empresa Lázara, S.A.; Benito Abalo, S.L.; Exprés de Tabeirós, S.L.U.; Empresa Pereira S.L.U. y Transportes José Núñez Barros, S.A.U., Unión Temporal de Empresas Ley 18/1982. (abreviadamente, UTE XG-860) con NIF U01891837, con base en Calle Cotón de Arriba, núm. 2, Polígono Louzaneta, 27297, Lugo.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar este convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

1. A Deputación Provincial de Pontevedra, presentou unha solicitude de subvención para o proxecto denominado «+MOBE: *Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra*», dirixido a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia mediante a posta en marcha de novos servizos de transporte público que conecten os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro coa cidade de Pontevedra, conforme a un modelo sostible, eficiente e inclusivo.

Este proxecto foi presentado ao abeiro da Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a financiar proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, e da súa correspondente convocatoria publicada mediante Extracto da Orde do 27 de xuño de 2024.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico resolveu conceder á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención por importe de 500.000 euros, sobre un investimento total de 555.555,55 euros,



no marco da convocatoria de 2024, destinada a entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento.

Así, coa fin de dar cumprimento aos obxectivos do proxecto e garantir a súa adecuada execución, se prevé a configuración dun servizo piloto de transporte público optimizado en tres municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), de carácter temporal, dirixido especificamente a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia, dentro do proxecto «+MOBE: Mobilidade Rural, Sostible e Inclusiva en Pontevedra».

2. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transporte terrestre que se desenvolva integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia integra a Dirección Xeral de Mobilidade na estrutura da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Pola súa parte, o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á indicada consellería as competencias na elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de mobilidade.

3. A Deputación Provincial de Pontevedra ten competencias propias para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión, de acordo co disposto no artigo 109 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 36 da Lei de bases do réxime local.

No marco destas competencias, a Deputación subscribinte pode promover ou participar en calquera momento en actuación interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, consonte establece o artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

4. Os Concellos asinantes son titulares das competencias tanto en materias de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración



local de Galicia, e no artigo 25.2.g) da Lei de bases do réxime local. Igualmente, consonte co artigo 72 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, respecto dos tráxicos dos seus ámbitos territoriais, os concellos posúen competencias de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de persoas de ámbito local.

No marco destas competencias, os concellos subscribintes poden promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, consonte establece o artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro.

5. A UTE XG-814, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG814, *Centro da comarca do Salnés*, concesión que inclúe os tráxicos entre os concellos de Portas e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

A UTE XG-817, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG817, *Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos*, concesión que inclúe os tráxicos entre os concellos de Moraña e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

A UTE XG-860, é a actual concesionaria do servizo de transporte público regular de persoas por estrada de titularidade da Xunta de Galicia XG860, *Comarca de Tabeirós-Terra de Montes*, concesión que inclúe os tráxicos entre os concellos de Campo Lameiro e Pontevedra, así como os desprazamentos internos dentro de cada termo municipal.

6. Consonte co que se establece no apartado 3.6.3.3 e 3.6.3.2 dos pregos de condicións polo que rexen as indicadas concesións, prevese a implantación de incremento de servizos por iniciativa de terceiros, e a súa asunción por parte das concesionarias como incremento de servizos pola súa propia iniciativa, incrementos que deberán ser autorizados pola Administración, con expresa referencia aos incrementos que se produzan como consecuencia dos acordos, en forma de convenios, contratos-programa,...., que poidan acordar o adxudicatario e outras Administracións Públicas ou entidades do Sector Público para implantar novos servizos que formen parte do obxecto do contrato por desenvolverse sobre as liñas previstas nel ou na súa



inmediata proximidade, como é o caso do servizo piloto de transporte público interurbano de carácter temporal obxecto do presente convenio.

De conformidade co exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución desta actuación conxunta que permita a implantación desta medida de fomento da mobilidade sostible, inclusiva e de mellora do transporte público nas zonas rurais da provincia, dentro do proxecto «+MOBE: *Mobilidade Rural, Sostible e Inclusiva en Pontevedra*», para o que as partes subscriben o presente convenio con base nas seguintes:

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación dun servizo piloto de transporte público optimizado en 3 municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), dentro do proxecto «+MOBE: *Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra*», coas características recollidas no Anexo I do presente Convenio, e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

Segunda.- Condicións de prestación dos servizos

Con base no presente convenio, e nos termos da letra b) do apartado 3.6.3.3 do prego de condicións polo que rexen as concesións das que son concesionarias as entidades asinantes, impúlsase por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, en colaboración cos concellos asinantes, a implantación dun servizo piloto de transporte público interurbano dirixido a conectar os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro coa cidade de Pontevedra, que se define no Anexo I, no que se concretan percorridos, expedicións, a desenvolver, e cuxa prestación é asumida polas concesionarias asinantes nos termos da letra b) do apartado 3.6.3.2 do mesmo prego de condicións.

Estes servizos non darán dereito a compensación ningunha en concepto de OSP, nin computarán contra o volume de incremento de servizos previsto no Contrato (incluído o volume de incremento de servizos que o Adxudicatario ofertase).



A Deputación Provincial de Pontevedra, promotora do servizo de conformidade coas condicións establecidas no presente convenio, asume o compromiso de aboar ás empresas prestatarias do servizo os custos de explotación. O custe de prestación concertado entre a deputación promotora e as empresas concesionarias reflíctese no Anexo II.

Igualmente, a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá o custo da instalación, adecuación e mantemento dos puntos de parada que se consideren necesarios para a correcta prestación dos servizos obxecto deste convenio, cuxa determinación corresponderá á Comisión de Seguimento prevista neste convenio.

Pola súa parte, recoñecendo o interese que concorre no presente caso, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes autorizará o convenio de colaboración nos termos previstos no Anexo I do presente convenio, para o que procederá á reordenación de servizos con base no establecido na cláusula 3.6.4 do prego de condicións polo que rexe a concesión, e consonte, neste caso, ao que se indica no propio Anexo I. Para tal fin, a Administración Autónoma iniciará de oficio o correspondente procedemento de alteración das condicións de explotación do contrato de concesión por iniciativa do concesionario e, por tanto, coa súa expresa conformidade.

Igualmente, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará coas partes asinantes na liquidación e xestión das contraprestacións que se deriven a favor das empresas concesionarias da prestación do servizo, contraprestacións que asume en todo caso e integramente a Deputación Provincial de Pontevedra. As ditas contraprestacións abonaranse con periodicidade mensual coa particularidade recollida na estipulación cuarta.

Finalmente, os concellos asinantes comprométense a facilitar e, mesmo, desenvolver accións dirixidas á promoción e difusión do servizo, así como a realizar un seguimento da súa prestación, impulsando no seu ámbito de competencias aquelas accións que, se fose o caso, contribúan a unha mellora na súa prestación e no acceso das persoas usuarias ao servizo.

Terceira.- Sistema tarifario

Non se establece sistema tarifario aplicable aos servizos obxecto deste convenio, por canto o servizo estará subvencionado pola Deputación Provincial asinante, asumindo esta o custo íntegro da súa prestación. En



consecuencia, o servizo terá carácter plenamente gratuito e non suporá custo ningún para as persoas usuarias.

Os datos de colectas do servizo, e calquera outra información que puidesen derivarse para a concesionaria da prestación do servizo ou relacionados con este, serán remitidas polo prestatario do servizo a través dos sistemas tecnolóxicos establecidos en cada momento para o contrato de concesión.

Cuarta.- Contía, transferencia e liquidación das achegas

A totalidade das achegas que corresponde efectuar á Deputación Provincial asinante por mor da implantación do servizo piloto de transporte público obxecto deste convenio establécense nas contías que se determinan no Anexo III.

A Deputación Provincial promotora dispón do orzamento preciso para o actual exercicio e comprométese a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda.

A Deputación Provincial promotora comprométese a efectuar a transferencia á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes das achegas correspondentes ao período de funcionamento do servizo durante o primeiro exercicio dentro do primeiro mes de posta en marcha do servizo; e en sucesivos exercicios, no primeiro mes do exercicio en curso. Este importe será obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 05.08.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia ou na que, no seu lugar, lle comunique a Dirección Xeral de Mobilidade.

Asemade, no caso de acordo de prórroga do servizo, a Deputación Provincial ingresará no mes seguinte a aquel no que a dita prórroga se acordase o importe para o resto da anualidade que naquel momento estea en vigor, e o correspondente á/s anualidade/s seguintes/s no mesmo prazo indicado no apartado anterior.

O concellos asinantes, garantirán o pagamento dos importes comprometidos pola dita deputación no presente convenio de colaboración atendendo á ponderación do custo do servizo de cada liña sobre o custe total comprometido pola deputación, comprometéndose a realizar as achegas no prazo de un mes desde que a Dirección Xeral de Mobilidade lle remita a dita comunicación.



As achegas indicadas serán xestionadas pola Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte quen aboará o importe das contías correspondentes ao custe de explotación na prestación do servizo ás empresas concesionarias participantes.

En todo caso, os pagamentos ás empresas concesionarias prestatarias do servizo quedará condicionado á efectiva recepción, por parte da Xunta de Galicia, da achega que corresponde abonar á Deputación Provincial correspondente a cada exercicio. Mentres non se produza o ingreso das devanditas achegas nos termos e prazos establecidos, non se procederá ao aboamento das contías ás entidades prestatarias do servizo, iniciándose os pagamentos unicamente a partir do momento en que se verifique o devandito ingreso.

De non se efectuar a achega correspondentes no prazo fixado, as partes asumen expresamente que a mesma terá a consideración de débeda firme, líquida e exigible pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar o referido importe das cantidades que lle corresponda aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, ou de calquera outro instrumento análogo que puidese complementalo ou substituílo, consonte co legalmente establecido.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Co obxecto de velar polo cumprimento deste convenio e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación constitúese unha comisión de seguimento constituída por dúas persoas designadas pola persoa titular da Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte, dúas persoas designadas polos concellos asinantes, dúas persoas designadas pola Deputación Provincial intervinente e dúas persoas designadas por cada unha das UTEs concesionarias participantes.

A presidencia da comisión de seguimento será exercida por unha das persoas designadas pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte.

A comisión de seguimento será a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento deste convenio e asumirá, en particular, as seguintes funcións:



- a) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste convenio.
- b) Garantir o intercambio de información entre as administracións públicas e a Deputación Provincial de Pontevedra.
- c) Acordar modificacións nas condicións de prestación do servizo establecidas nos Anexos deste convenio, tales como modificacións de expedicións, calendarios, tempadas, frecuencias, horarios, itinerarios ou paradas, sempre que non supoñan incremento do custo económico derivado da prestación do servizo.
- d) Acordar as sucesivas prórrogas do presente convenio.
- e) Todas aquelas outras funcións que se lle atribúan neste convenio.

Para a validez dos acordos requirirase a presenza de, cando menos, unha persoa en representación de cada unha das partes integrantes da comisión de seguimento, e os ditos acordos serán adoptados por unanimidade dos asistentes. Non obstante o anterior, poderán adoptarse polas Administracións participantes, sen a intervención ou conformidade da concesionaria aqueles acordos que afecten ao exercicio de potestades públicas que lles resulten propias.

A pertenza a esta comisión así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que a integran.

Sexta.- Duración

Este Convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, aínda que despregará eficacia o día en que comecen a prestarse os servizos indicados no Anexo I, e manterá a súa vixencia ata o 31 de agosto de 2027.

Con anterioridade á finalización do período indicado, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un ou varios períodos sucesivos, ata acadar o máximo de catro anos adicionais.

Os indicados acordos de prórroga deberán ser adoptados como máximo un mes antes do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.



Sétima.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación por mutuo acordo das partes asinantes, mediante a formalización da correspondente addenda segundo o procedemento legalmente establecido.

Para tal efecto, non terán a consideración de modificación do convenio as modificacións nas condicións de prestación do servizo establecidas nos Anexos deste convenio, tales como modificacións de expedicións, calendarios, tempadas, frecuencias, horarios, itinerarios ou paradas, sempre que non supoñan incremento do custo económico derivado da prestación do servizo, que poderán ser acordadas pola Comisión de Seguimento nos termos que se indican na cláusula quinta.

Oitava.- Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase por algunha das seguintes causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio e, no seu caso, das súas prórrogas.
- O mutuo acordo dos seus asinantes para a súa extinción ou novación, que deberá ser subscrito por escrito e coas mesmas formalidades que as deste convenio.
- O vencemento da concesión do servizo de transporte público regular de persoas por estrada, por calquera causa, das empresas/UTES participantes indicados na parte expositiva deste convenio.
- A súa denuncia por calquera dos seus membros, o que requirirá a previa comunicación ás outras partes asinantes non máis tarde do día 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializará.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes ou se o servizo non se presta correctamente consonte ao estipulado. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra, nun determinado prazo, con indicación das obrigas ou compromisos que



se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á persoa que exerza a presidencia da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá comportar a indemnización dos prexuízos causados, se así se previu.

- Decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

En caso de resolución do convenio, todos os dereitos e obrigas nados con anterioridade á extinción deste serán cumpridos polas partes nos termos que acorden, sen prexuízo da liquidación do convenio, nos termos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 47.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asemade, é de aplicación a previsión do apartado 5 do artigo 74 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público de Galicia. Igualmente, resultarán de aplicación o conxunto de previsións que contén o Anexo do PTPG aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 25 de febreiro de 2021 e a súa modificación aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 21 de xullo de 2022.

Igualmente se estará ao previsto nos pregos que rexen estes contratos, especialmente ao disposto no apartado 3.6.4. destes pregos de condicións polo que rexen as concesións anteriormente referidas, que establece que "Os incrementos de servizo que se establezan, por calquera dos mecanismos indicados neste Prego de Condicións, rexeranse polas condicións reguladas



no seu apartado 3.6, tendo en conta, ademais, que nos casos de adaptación da explotación de servizos integrados, será de aplicación o disposto no artigo 80 da Lei 2/2017".

A este convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das administracións públicas, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Este convenio rexerá polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola xurisdición contencioso-administrativa.

Decima.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Derradeira

A posta en marcha do servizo terá lugar na data que acorde a Comisión de Seguimento.

Xunto coa comunicación da data de implantación do servizo, a Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transporte trasladará á Deputación Provincial de Pontevedra, como promotora do servizo, unha primeira liquidación do custe que lle corresponderá realizar a



aquela, con base neste convenio, tendo en conta a data na que se estableza que a dita implantación vaia resultar efectiva.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente este convenio.

O conselleiro Presidencia, Xustiza e
Deportes

O presidente da Deputación
Provincial de Pontevedra

Diego Calvo Pouso

Luis López Diéguez

O alcalde do Concello de Moraña

O alcalde do Concello de Portas

José Luis Gómez Fontenla

Ricardo Martínez Chantada

O alcalde do Concello de Campo Lameiro

Pola UTE XG-814

Carlos Costa Domínguez

Aurelio Cuíña Souto

Polas UTE XG-817 e UTE XG-860

Raúl José López López



ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

- XG814 Centro da comarca do Salnés**

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	07:15	08:12	Non	Non
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	09:30	10:27	Non	Non
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	11:30	12:27	Non	Non
XG81409001	DP:Portas-Pontevedra-Montecelo	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	13:30	14:27	Non	Non

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	08:15	09:06	Non	Non
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	10:30	11:21	Non	Non
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	12:30	13:21	Non	Non
XG81409101	DP:Montecelo-Portas	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	14:30	15:21	Non	Non

- XG817, Eixo Atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra, con anexos**

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81711701	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	06:30	07:27	Non	Non
XG81711701	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	10:00	10:57	Non	Non
XG81711701	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	13:30	14:27	Non	Non

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG81711801	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	09:05	10:02	Non	Non
XG81711801	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	12:30	13:27	Non	Non
XG81711801	DP:Moraña-Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	16:00	16:57	Non	Non

- XG860, Comarca de Tabeirós-Terra de Montes,**

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG86009001	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	08:15	08:59	Non	Non
XG86009001	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	11:40	12:24	Non	Non
XG86009001	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Ida)	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	15:10	15:54	Non	Non



Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo de días	Tempada anual	Hora de saída	Hora de chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG86009101	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	07:35	08:19	Non	Non
XG86009101	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	11:00	11:44	Non	Non
XG86009101	DP:Campo Lameiro - Hospitais Pontevedra (Volta)	Volta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	14:30	15:14	Non	Non



ANEXO II: CÁLCULO DO CUSTO DE EXPLOTACION DO SERVIZO

CONCESIÓN	PRORRATEO CUSTE / MES (sen IVE)	CUSTE ANUAL (sen IVE)
XG814	11.476,46 €	137.717,50 €
XG817	8.645,08€	103.741,00€
XG860	6.407,04€	76.884,50 €
Total	26.528,58 €	318.343,00 €

CONCESIÓN	CUSTE TOTAL(*) (sen IVE)	CUSTE TOTAL EN 2026 (sen IVE)	CUSTE TOTAL EN 2027 (sen IVE)
XG814	206.576,25 €	114.764,58 €	91.811,67 €
XG817	155.611,51 €	86.450,84 €	69.160,67 €
XG860	115.326,75 €	64.070,42 €	51.256,33 €
Total	477.514,51 €	265.285,84 €	212.228,67 €

(*) dende o 1 de marzo de 2026 ao 31 de decembro de 2026 e dende o 1 de xaneiro de 2027 ao 31 de agosto de 2027



ANEXO III: IMPORTE DA ACHEGA QUE CORRESPONDE EFECTUAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

EXERCICIO (*)	MESES CONVENIO	IMPORTE TOTAL
2026	10	265.285,84 €
2027	8	212.228,67€
Total	18	477.514,51 €

(*) dende o 1 de marzo de 2026 ao 31 de decembro de 2026 e dende o 1 de xaneiro de 2027 ao 31 de agosto de 2027

